



Manolo Rivas



1

Un pouquiño da súa vida...

Manuel Rivas naceu na rúa Marola, no barrio de Monte Alto, en A Coruña o 24 de outubro de 1957. A súa nai, Carmiña, traballou de leiteira e o seu pai, Manuel, durante un tempo emigrado a América, foi músico en orquestras de baile e albanel.

Os seus avós maternos, Manuel e Josefa, eran campesiños de Corpo Santo (Tabeaio, Carral). O seu avó paterno (Manuel) era carpinteiro, e a súa avoa, Dominga, costureira.

Carmiña e Manuel tiveron catro fillos.

O campo de xogo da súa infancia tiña forma de triángulo no que os vértices eran o cárcere provincial, o cemiterio de San Amaro e a Torre de Hércules.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



A familia trasladouse, en 1962, a outro barrio coruñés, Castro de Elviña, un espazo fronteirizo no que convivía o mundo campesiño e o obreiro.



No lugar, consérvanse as ruínas do antigo poboado celta (O Castro), agora rodeado polos novos edificios da Universidade da Coruña.

2

En Castro de Elviña pasou Rivas gran parte da infancia e a adolescencia. Estudou na escola pública de Elviña e no instituto mixto de Monelos. Ao tempo que estudaba bacharelato, comezou a traballar polas noites de *meritorio* no diario “El Ideal Gallego”, na época das *linotipias, cando todavía os xornais ulían a chumbo. Compatibilizou estudos universitarios en Madrid con labores de xornalista. Licenciouse en Ciencias da Información pola Universidade Complutense. Entre outros traballos, foi un dos fundadores e redactores de *Teima* (1977), o primeiro semanario escrito íntegramente en galego, e do mensual *Man Común*.

**linotipia* : máquina inventada por Ottmar Mergenthaler en 1885 que mecaniza o proceso de composición dun texto para ser impreso. A linotipia foi comercializada pola empresa Linotype fundada por Mergenthaler



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Unha crónica publicada en La Región sobre unha intoxicación alimentaria masiva nun cuartel de provincias, costoulle un proceso por delito de sedición.

“Rodearon a casa dos meus pais con metralletas e a Policía Militar veu determe”.

Aqueles eran uns anos nos que había verbas que non podían aparecer xuntas, como “intoxicación”, “patria” e “exército”.

Foi un dos fundadores da primeira radio libre (municipal) en Galicia, Radio As Mariñas – Oleiros, 1980, intervida e clausurada aos 70 minutos de emisión tras orden governativa ([Historia](#) de Radioleiros).

En 1975, formara parte do colectivo poético e artístico Loia ([Loia](#)).

Foi director de Luzes de Galiza “revista de cultura, arte y libertades” (1985-1995).



Ademais, foi tamén un dos fundadores de Greenpeace España. En setembro de 1981, era un dos tripulantes do pequeno **pesqueiro Xurelo**, que partira de Anguiño (Ribeira) e que a 350 millas de Fisterra se interpuxo aos mercantes que guindaban bidóns con residuos radioactivos na chamada Fosa Atlántica.

Esta expedición foi unha das primeiras accións dunha campaña internacional que conseguiu o peche dos cementerios de residuos nucleares no mar.

No inverno de 2002, a raíz da catástrofe do Prestige, actuou como voceiro do movemento cívico e ecolóxico **Nunca Máis**.





Axiña se fai cun sitio na literatura española a pesar de escribir sempre en lingua galega.

As súas traducións ao castelán manteñen a cadencia e parte da sonoridade desta lingua. A tradición galega impregna cada un dos seus poemas, contos e novela.

Ao longo de toda a súa traxectoria como escritor recibiu varios premios tan importantes como o *Premio Nacional de Narrativa* en España no ano 1996, o *Premio da Crítica Española* en 1990 e o *Premio da Crítica en Galicia* no ano 1994

Dí **Javier Rioyo** na Revista Claves (marzo-abril 2020)



“Hace años que Rivas demostró que el gallego, además de ser lengua de pobres e poetas, era también una hermosa lengua para escribir en los periódicos, para contar cuentos, novelas o ensayos. El gallego de Rivas es la lengua de un escritor que propone viajes libres y rebeldes. La lengua de un gallego que no tiene miedo al mar, que se embarca aunque tenga que superar tempestades”

“Hai anos que Rivas demostrou que o galego, ademais de ser lingua de pobres e poetas, era tamén unha fermosa lingua para escribir nos xornais, para contar contos, novelas e ensaios. O galego de Rivas é a lingua dun escritor que propón viaxes libres e rebeldes. A lingua dun galego que non ten medo ao mar, que se embarca aínda que teña que superar tempestades”

BIOGRAFÍA

Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro”. Centro Cultural “As Torres”. Avenida Emilia Pardo Bazán, 17. 15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: biblioteca.santacruz@oleiros.org
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>



Que me queres, Amor?

Amor, a ti me venh' ora queixar
de mha senhor, que te faz enviar
cada u dormho sempre m' espertar
e faz-me de gran coita sofredor.
Pois m' ela non quer veer nen falar,
que me queres, Amor?

Este queixume te venh' ora dizer:
que me non queiras meu sono tolher
pola fremosa do bom parecer
que de matar home sempr' á sabor.
Pois m' ela nẽhũ ben quiso fazer,
que me queres, Amor?

Amor, castiga-te d' esto, por ém
que me non tolhas meu sono por quen
me quis matar e me teve en desdem
e de mha morte será pecador.
Pois m' ela nunca quiso fazer ben,
que me queres, Amor?

Amor, castiga-te d' esto, por tal
que me non tolhas meu sono por qual
me non faz ben e sol me faz gran mal
e mh-o fará, d' esto son julgador.
Poi-lo seu ben cedo coita mi val,
que me queres, Amor?

Fernando Esquíó

Podedes apreciar que o título do libro fai referencia ao refrán da cantiga de amigo do trovador medieval Fernando Esquíó (século XIII).

Na cantiga, o Amor aparece personificado coa maiúscula. O poeta quéixase del, porque insiste en vir turbar as súas noites, aínda cando é sabedor de que a dona o rexeita.

1





A continuación, déixovos o artigo publicado en El País cando lle concederon o Premio Nacional de Narrativa por *Que me queres, Amor? ...*



EL PAÍS

Manuel Rivas: "A imaxinación e a inventiva funcionan mellor que a Galiza real"

A Coruña 12 de novembro de 1996

O escritor galego obtén o Premio Nacional de Narrativa por 'Qué me queres, amor?'

“Sinto como se me houbese caído enriba o peso do mundo. O de que a partires de agora vou ter que estar á altura disto”. Así resumía o seu estado de ánimo Manuel Rivas tras coñecer que o Premio Nacional de Narrativa recaera na súa última obra, *Que me queres, amor?*, unha colección de relatos que el describe como “froito da liberdade e a melancolía”. Manuel Rivas, narrador, poeta, xornalista e colaborador habitual de El País, afirmou sobre o tamén recente Premio Nacional de Literatura Infantil a outra escritora galega, Fina Casalderrei, que “é unha mostra de que hoxe e aquí as fábricas da imaxinación e da inventiva funcionan mellor que a Galiza real”.

Manuel Rivas enterouse na súa casa da decisión do Ministerio de Cultura por unha chamada dunha xornalista. Ata dúas horas despois non puido contactar cos seus pais na Coruña, para comentarlle ao seu pai que o premio era en realidade un agasallo para o neto, Martiño, no día do seu santo. Ese lapso de tempo, pasouno pegado ao teléfono, contestando entrevistas e recibindo parabéns.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Rivas vive nuha pequena casa restaurada na aldea de Urroa, terras de Soneira.

O escritor so interrompeu a sesión pasadas as cinco, para levar a Martiño a Vimianzo á súa clase de batería..

O autor británico John Berger, un dos referentes literarios do galardado, declarou que Rivas “é un grande contador de historias porque ten tacto e un oído increíble que nas súas narracións se completa cunha grande inventiva. Non so nos seus contos, senón tamén nas súas reportaxes, a súa forma de contar paréceme exemplar”.

O escritor coruñés reitera a súa satisfacción polo galardón “porque non é dos de presentarse, dos de levantar a man, pero o certo é que non mo deron a min, senon ao libro, a ese Frankenstein que saiu de aquí, e xa é dos lectores. Coido que isto lle dea ás para voar máis alto. A sensación que teño é a que describía Pessoa : *Desde o alto das azoteas dígolle a Deus coa man os meus versos*”.

De feito, Rivas, cando escribe, queredría ser “ un neno ao que lle salisen ás para voar, ou un menciñeiro, un curandeiro como os de Álvaro Cunqueiro, que espantaban o mal de ollo mellor que os psiquiatras de hoxe espantan o estrés...A función do escritor tamén é a de buscar exvotos, remedios ou abrir camiños no medio do bosque, reabrir corredoiras que se foran pechando polo abandono da vida real”, di.

Que me queres, amor? É unha colección de relatos que xa a primeiros de ano gañara o Premio de Narrativa Torrente Ballester, segundo decisión dun xurado presidido polo propio Torrente, que considerara a Rivas o máis firme candidato “a escribir o *Quijote* da literatura galega”. Unha obra escrita desde a perspectiva dun gaiteiro libertario, que se sente cómodo como parte dunha tradición literaria que se remonta a Afonso X O Sabio e aos cancioneros, pero que sabe que está so”.



“As raíces do relato, da inventiva onde se mesturan a imaxinación e a realidade, veñen de Cervantes pero non teñen tanto arraigo en España como noutras culturas como as anglosaxonas”, asegura Rivas. “En Galiza conservouse, sobre todo na **narración oral**, que é unha das maiores influencias que tiven neste libro. Por outra parte, os medios de comunicación audiovisuais introduciron sistemas de percepción da realidade novos, e o conto adáptase bastante ben a eles. Iso dos xéneros, novela ou conto, interésalle máis ben aos académicos. A min estreméceme tanto a novela como *Cien años de soledad*, de García Márquez, como os relatos de *El llano en llamas* de Rulfo”.

4



Que opina a crítica??

NUMAX

Librería

Este libro, un dos máis recoñecidos do autor, é un conxunto de relatos que rescatan a grandeza do pequeno. Manuel Rivas ofrécenos unha interpretación lírica, dura e delicada á vez, dun país habitado polo tempo e por xentes que reclaman o seu dereito a ter unha historia que contar. Un libro de extrema sensibilidade, que contén os contos que foron levados ao cine no filme *A lingua das bolboretas*. Premio Nacional de Narrativa e Premio Torrente Ballester, este libro de relatos de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) supuxo a súa consagración definitiva como narrador. Un orixinal universo literario que enxalza a grandeza do pequeno, que descobre o milagre do mundo no soño dun saxofonista ou na brancura luminosa do leite fresco. Unha ollada dura e, ao tempo, delicada sobre ese territorio no que a realidade linda cos soños, onde se agocha a verdade de cadaquén.

OPINIÓN




TRAFICANTES

Cada relato nese libro é un meigallo urdido polo indiscutible ritmo e sensibilidade de Manuel Rivas.

Da nome á obra a historia dun enamorado que cambia definitivamente a súa vida co atraco dun banco.

Noutros relatos, é tamén **o AMOR** o protagonista indefinido : o amor do pai que vai traballar coa preocupación de non saber como nin onde pasou o seu fillo a noite ; o amor á nai, de inefable semellanza, no recordo infantil, á leiteira que pintara Vermeer en 1660 ; o amor máis carnal de Carmiña, coa incómoda presenza do seu can Tarzán ; o - por que non - amor compasivo que chega a sentir o lector polo vello profesor rural da “Lingua das bolboretas”, historia que foi adaptada ao cine por José Luis Cuerda e Rafael Azcona.

Sobre a mesma, Woody Allen referiuse como *“moi superior á maior parte das porquerías americanas que saen. É unha película que che fai pensar. Noutros tempos, sería a clásica película que se pasa cinco meses en cartel e todos os meus amigos estarían falando dela, como falaban antes das películas francesas ou italianas”*.



OPINIÓN

Sabíades que en setembro de 2020 a compañía Sarabela Teatro estreou a obra titulada “A lingua das bolboretas” no auditorio de Ourense en plena pandemia ? Cántovolo a continuación...





Sarabela estreia "A lingua das bolboretas" no Auditorio

Redacción | Ourense 17-09-20

FARO DE VIGO



6

Sarabela [Teatro](#) estreou onte (16 de setembro de 2020) con éxito no Auditorio de Ourense "A lingua das bolboretas", con dramaturxia e dirección de Gonçalo Guerreiro, baseada na obra homónima de Manuel Rivas. Realizou unha dobre representación, ás 17 e 21 horas, co aforo limitado para 60 persoas que acudiron con máscara e gardando as medidas de seguridade.

Fernando Dacosta, Elena Seijo, Fina Calleja, Sabela Gago, Josito Porto e Fran Lareu son os actores que representaron "A lingua das bolboretas", cuarta incursión nas obras de Manuel Rivas que realiza Sarabela, colectivo ourensano que celebra 40 anos de traxectoria profesional nos escenarios.

[Faro de Vigo](#)

Biblioteca e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro". Centro Cultural "As Torres". Avenida Emilia Pardo Bazán, 17. 15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: biblioteca.santacruz@oleiros.org
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Aquí vos deixo o enlace á páxina de Sarabela Teatro na que tendes toda a información sobre a obra de teatro e un pequeno video para desfrutar un anaco da actuación :

[SARABELA TEATRO](#)



7

